

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 24 de xaneiro de 2014**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero

**Invitados:**

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día vinte e catro de xaneiro de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario de Admón. Municipal, Sr. Lorenzo Penela, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(33).- ACTA ANTERIOR.** Apróbanse as actas das tres sesións extraordinarias e urxentes do 30 de decembro de 2013, da extraordinaria e urxente do 9 de xamenti, ordinaria do 10 de xaneiro e extraordinaria e urxente do 15 de xaneiro de 2014. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(34).-PROPOSTA PARA DEIXAR SEN EFECTO O ACORDO DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DUNHA CAMPAÑA DE PROMOCIÓN DE VIGO COMO DESTINO TURÍSTICO EN MEDIOS ON LINE, ADOPTADO O 27.12.13, XA ADXUDICADO O 26.12.13. EXPTE. 4865/104.**

Dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Contratación, do 15.01.14, que di o seguinte:

*En data 26 de decembro de 2013, a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo (anexo I):*

*“Primeiro.- Tomar razón das exclusións das empresas ITC MENSULA, S.L., e INFORPRESS, S.L., do procedemento negociado con publicidade para a contratación do servizo de execución dunha campaña de promoción online de Vigo como destino turístico, acordadas pola mesa de contratación na súa sesión de data 2 de decembro de 2013, á vista do informe de valoración da oferta técnica e económica da xefa do servizo de Turismo de data 26 de novembro de 2013, por non cumprir cos requirimentos do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Segundo.- Adxudicar a ESMERARTE SERVICIOS ARTÍSTICOS, S.L., o procedemento negociado con publicidade para a contratación do servizo de execución dunha campaña de promoción online de Vigo como destino turístico (expediente 4865-104) por un prezo total de 70.700 € (IVE incluído), e as seguintes prestacións adicionais:*

- Unha redución do prazo de execución de 8 días naturais respecto do prazo de 60 días naturais proposto no prego de cláusulas administrativas particulares.*
- 188,14 GRPs (GRP: número total de impactos que xeran as insercións publicitarias por cada 100 persoas do público obxectivo). Os impactos de cada medio estarán certificados por terceiros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

*En data 27 de decembro de 2013, a Xunta de Goberno Local adoptou un acordo de idéntico contido ó citado no punto anterior (anexo II).*

*En consecuencia, se propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*Deixar sen efecto o acordo de adxudicación do procedemento negociado con publicidade para a contratación dunha campaña de promoción de Vigo como destino turístico en medios on line, adoptado por este órgano en data 27 de decembro de 2013, e que se reproduce a continuación, por ser de idéntico contido o adoptado en data 26 de decembro de 2013:*

*Primeiro.- Tomar razón das exclusións das empresas ITC MENSULA, S.L., e INFORPRESS, S.L., do procedemento negociado con publicidade para a contratación do servizo de execución dunha campaña de promoción online de Vigo como destino turístico, acordadas pola mesa de contratación na súa sesión de data 2 de decembro de 2013, á vista do informe de valoración da oferta técnica e económica da xefa do servizo de Turismo de data 26 de novembro de 2013, por non cumprir cos requirimentos do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Segundo.- Adxudicar a ESMERARTE SERVICIOS ARTÍSTICOS, S.L., o procedemento negociado con publicidade para a contratación do servizo de execución dunha campaña de promoción online de Vigo como destino turístico (expediente 4865-104) por un prezo total de 70.700 € (IVE incluído), e as seguintes prestacións adicionais:*

- *Unha redución do prazo de execución de 8 días naturais respecto do prazo de 60 días naturais proposto no prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *188,14 GRPs (GRP: número total de impactos que xeran as insercións publicitarias por cada 100 persoas do público obxectivo). Os impactos de cada medio estarán certificados por terceiros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(35).-DEVOLUCIÓN DE AVAL Á FUNDACIÓN SONDESEU CONSTITUÍDO PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO ENFO. EXPTE. 15661/332.**

Visto o informe-proposta do técnico superior de Educación, do 17.01.14, conformado polo concelleiro de Educación, e a concelleira de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a FUNDACIÓN SONDESEU (CIF G36968741) o aval de 38.696,00 euros constituído para a execución como socio do proxecto ENFO, xa que foi verificado o correcto cumprimento das súas obrigas.

### **4(36).-SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE TRABALLO PARA A CONTRATACIÓN DO PERSOAL TÉCNICO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E PROSPECCIÓN DE EMPREGO 2014. EXPTE. 10763/77.**

A Xunta de Goberno local retira este expediente da orde do día.

### **5(37).-RESOLUCIÓN DE RECURSOS COMPLEMENTARIA FINAL CONTRA ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DO 22.11.13 DE CONCESIÓN DE AXUDAS CONTRA A CRISE PARA ATENDER NECESIDADES BÁSICAS DOS VECIÑOS E VECIÑAS DE VIGO. EXPTE. 6526/320.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, do 15.01.14, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Desestimar os recursos de reposición que deseguido se relacionan e polas causas que se indican:

DOCUMENTO	SOLICITANTE	DNI-NIE	Recurso	Doc-Recurso
130084560	ESQUEA MOTA, DOLO- RES RAMONA	39513802D	Conforme a documentación existente no expediente Dona Milagros Esteuryn Feliz Esquea, Don Juan de Jesús Miguel Tirado Esqyea e Don Juan Josue Tirado Esquea, constan de alta no padrón municipal de habitantes desde o 17/09/2012, polo que incumple tamén o establecido no artigo 5.1.b e a inscrición como demandantes de emprego da solicitante e de D. Juan Manuel Durán González e do 08/07/2013 polo que se incumple o establecido no artigo 5.1.g	130149390
130086496	ROMAN RIVERA, ALE- JANDRO	39456254F	Conforme a documentación existente no expediente os ingresos da unidade de convivencia, asciende 321,62 €, e tendo en conta os compenentes da unidade (1) a Renta Per Cápita asciende a 321,62 €, por lo que incumple o establecido no artigo 5.1.f.	130153122

SEGUNDO.- Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa.

**6(38).-COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DOS CONDUCTORES ADSCRITOS AO GABINETE DE ALCALDÍA, OUTUBRO-NOVEMBRO 2013. EXPTE. 24670/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 13.01.14, e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 9.12.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar ós seguintes funcionarios, que prestan servizos como conductores adscritos a Alcaldía, as cantidades que para cada un deles se especifica, polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo, mais alá do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, de conformidade co regulamento no artigo 5 do R. decreto 861/86, de 25 de abril, durante os meses de outubro novembro do presente ano 2013, de conformidade coa proposta do Xefe de Relacións Públicas e Protocolo, de data 5 de decembro de 2013:

- D. Basilio Costas Fernández, núm. persoal 10257, conductor da Alcaldía, por un importe total de 1.027,97 €.
- D. Camilo Fontán Balbuena, núm. persoal 22326, conductor da Alcaldía, por un importe total de 1.617,39 €.

Dese traslado da presente resolución ós interesados, ó Comité de Persoal e á Intervención Xeral, debendo expoñerse, así mesmo, no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello por prazo de quince días.

### **7(39).-COMPLEMENTO PRODUTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS POR XORNADA PARTIDA CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO DE 2013. EXPTE. 24804/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 17.01.14, e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 15.01.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por don Jesús Alfonso Paz e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondente ao mes de decembro de 2013, e que ascenden a un total de 990,08 € (novecentos noventa euros oito céntimos), con cargo á partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

### **8(40).-GASTOS DE LOCOMOCIÓN ABRIL-DECEMBRO 2013. EXPTE. 24699/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 9.01.14, e de acordo co informe proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 23.12.13, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o gasto por un importe de 5.211,36 €, correspondente aos desprazamentos efectuados por persoal municipal no termo municipal de Vigo en concepto de indemnizacións por razón do servizo, acreditada a súa efectiva realización nos expedientes e informes recibidos no Servizo de Recursos Humanos, asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno, segundo a relación contida no cadro subseguinte -que comeza por D. Raimundo Villar Estévez e que remata en D. José C. Solá Quiroga-, imputándose o gasto con cargo á clasificación económica dos vixentes Orzamentos municipais 2312000 -Gastos de Locomoción, correspondente aos períodos que se indica:

Nº Expte.	Servicio	Traballador	DNI	Nº Persoal	Mes	Importe
70254-250	Vías e Obras	Villar Estévez, Raimundo	36.012.815-J	11682	Novembro 2013	293,36 €
		Salgueiro Piñeiro, Benigno	36.009.349-C	10694	Novembro 2013	247,00 €
		Barciela Simón, Benito	36.008.640-R	13617	Novembro 2013	279,11 €
		Gómez Pascual, Julio	34.901.122-W	11819	Novembro 2013	265,24 €
		Oujo Gerut, Ventura	36.019.537-L	17740	Novembro 2013	252,51 €
		Matilde Viñas, Eugenio	36.000.551-P	11831	Novembro 2013	295,83 €
		Cobas Rey, Eugenio	36.017.739-S	15467	Novembro 2013	292,60 €
6483-320	Participación Cidadá	Gutiérrez Orúe, Francisco J.	13.894.232-R	13920	Novembro 2013	59,14 €
100064-77	D.Local e Emprego	Pérez Durán, Gloria	79453	79453	Abril-Xuño 2013	12,54 €
	Conserxería	Fernández Amil, Fernando	36.022.162-E	13706	Novembro 2013	258,78 €
		Yáñez Rodríguez, Julio	36.031.496-H	17822	Novembro 2013	304,19 €
87593-210	Mobilidade, Transporte e Seguridade	Roca Dafonte, José Manuel	32.429.643-B	15303	Novembro 2013	173,47 €
87594-210		Rodríguez Caramés, José M.	35.547.314-D	15355	Novembro 2013	178,60 €
87595-210		Bacelos González, José	36.023.371-N	15480	Novembro 2013	174,61 €
28445/28450-502	Inspección de Tributos	Fragua Jamardo, Vicente	36.036.018-D	15510	Novembro 2013	241,49 €
		Fernández Pedreira, Enrique	36.042.726-R	11529	Novembro 2013	228,76 €
		Comesaña Rial, Manuel	36.033.647-F	9550	Novembro 2013	228,95 €
		Domínguez Vázquez, José M.	36.006.131-E	8361	Novembro 2013	253,65 €
		González Campelos, Manuel	35.997.315-S	23656	Novembro 2013	218,12 €
	Cemiterios	Rodríguez Torres, Javier	76.995.552-Q	82215	Novembro 2013	30,59 €
	Museo da Cidade "Quiñones de León"	Faro Chamadoira, Ángeles	36.033.947-P	15071	Outubro/Novembro 2013	22,80 €
		Vázquez Díaz, José Manuel	36.044.945-N	22958	Outubro/Novembro 2013	29,64 €
89355-301	Benestar Social	Rosende Villar, Estela	36.069.110-G	80488	Setembro-Outubro 2013	41,99 €
89356,89489-301		Alonso Míguez, Rosa	36.007.512-T	21203	Novembro-Dec. 2013	152,37 €
	Sanidade	Domínguez Casales, Constantino	36.017.614-M	14663	Agosto-Setembro 2013	449,16 €
	Limpeza	Solá Quiroga, José C.	36.036.109-P	15088	Novembro 2013	226,86 €
TOTAL						5.211,36 €

	SERVIZO	TOTAL
1550	Vías e Obras-O.S.P.I.O.	1.925,65 €
2410	Participación Cidadá e Emprego	71,68 €
9221	Conserxería	562,97 €
1330	Mobilidade, Seguridade e Transportes	526,68 €
9610	Inspección de Tributos	1.170,97 €
1640	Cemiterios	30,59 €
3330	Museo da Cidade "Quiñones de León"	52,44 €
2310	Benestar Social	194,36 €
3134	Sanidade	449,16 €
1620	Limpeza	226,86 €
	TOTAL	5.211,36 €

**9(41).-DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DO CONCELLEIRO-DELEGADO DA ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL:**

**A) RESOLUCIÓN SOBRE PERMISO NON RETRIBUIDO A D<sup>a</sup> ANA GARCÍA BARRIO. EXPTE. 24742/220.**

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos do 10.01.13, que di o seguinte:

*A medio de escrito de data 18 de decembro de 2013 (doc. nº 130150134), D<sup>a</sup> Ana García Barrio, con NIF 35.319.238-R e núm. persoal 81906, técnica media de igualdade adscrita ao Servizo de Igualdade, solicita permiso non retribuído de trinta días de duración, dende o 16 de xaneiro ata o 14 de febreiro de 2013 (ámbolos dous inclusive).*

*En relación con dita solicitude emíttese o seguinte informe:*

*A solicitante leva prestando servizos neste concello de forma interrumpida un total de 2 anos, 11 meses e 10 días.*

*O vixente “Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo” contempla no seu artigo 17 c) a posibilidade de solicitar permiso non retribuído por asuntos persoais ata un máximo de 6 meses cada 5 anos ou de 12 meses cada 10 anos, estando o funcionario solicitante en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social durante o seu disfrute e computando o tempo de duración do mesmo a efectos de antigüidade. Non computará o tempo a efectos de vacacións, permiso por asuntos persoais e pagas extraordinarias.*

*Por parte deste Servizo de Recursos Humanos non se observan impedimentos ao outorgamento do referido permiso, toda vez que a xefa do Servizo de Igualdade, en data 27/12/2013, informa que non existe inconveniente en acceder ao solicitado.*

*Polo exposto, de conformidade coas competencias recollidas no artigo 127.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local segundo redacción dada pola Lei 57/2003 de 16 de decembro, de Medidas para Modernización do Goberno Local, e modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e de conformidade co acordo da Xunta de Goberno Local de data 08/02/2013, sobre a delegación de competencias en materia de persoal, sométese a consideración do Concelleiro-Delegado de Xestión Municipal a seguinte,*

**R E S O L U C I O N:**

*“Primeiro.- Autorizar a D<sup>a</sup> ANA GARCÍA BARRIO, con NIF 35.319.238-R e núm. persoal 81906, técnica media de igualdade adscrita ao Servizo de Igualdade, un permiso non retribuído por asuntos persoais de trinta días, dende o 16 de xaneiro ata o 14 de febreiro, (ámbolos dous inclusive), de conformidade co previsto no art. 17 c) do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ao servizo do Concello de Vigo.*

*Durante a súa duración a interesada permanecerá de alta no réxime xeral da Seguridade Social e computará a efectos de antigüidade, pero non a efectos de vacacións, permiso por asuntos persoais e pagas extraordinarias.*

*Segundo.- Dese conta da presente resolución á interesada, Xefa do Servizo de Igualdade, Intervención Xeral e Servizo de Recursos Humanos (Tco. de Organización e Planificación, negociado de Seguridade Social e Inspector Auxiliar de Persoal) aos efectos oportunos.*

Terceiro.- *Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."*

Con data 14.01.14, o concelleiro delegado de Xestión municipal resolve de conformidade co precedente informe.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

### **B) RESOLUCIÓN DE XUBILACIÓN OBRIGATORIA DE D. JOSÉ S. SANMARTÍN GÓMEZ. EXPTE. 24688/220.**

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos do 9.01.13, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

*1.- Consultados os datos obrantes no Servizo de Recursos Humanos en relación a D. JOSÉ SALVADOR SANMARTÍN GÓMEZ, con DNI 35.973.539-K, resultan os datos seguintes:*

- vínculo xurídico: funcionario de carreira.*
- nº de persoal: 13468.*
- data de nacemento: 06/01/1949.*
- praza: Oficial, subgrupo C2 de titulación.*
- posto de traballo: Oficial Electricista, código 232, adscrito ao Servizo de Electromecánicos (444).*
- Incidencias relativas á cotización: grupo de tarifa 07, con 48 anos cotizados.*

*2.- Verificado polo Negociado de Seguridade Social o cumprimento dos requisitos legalmente establecidos para a xubilación no servizo activo, procede propoñer a declaración da xubilación obrigatoria do efectivo indicado, sendo a data de efectos da mesma o 06/01/2014.*

#### **FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

*I.-A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) establece no seu artigo 67, apartado 1, letra b) que a xubilación dos funcionarios públicos poderá ser "Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida", en concordancia co establecido no art. 160 e seguintes do Real decreto lexislativo 1/1994, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, constituindo o nacemento e a extinción do vínculo de servizo/laboral fixo materia de carácter básico para a totalidade dos empregados/as públicos.*

*II.- O Real Decreto Lexislativo 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade presupuestaria e de fomento da competitividade, establece no seu art. 11 respecto da xubilación dos funcionarios públicos que con independencia da idade legal de xubilación forzosa establecida na Lei 7/2007, de 13 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, será en todo caso a que prevean as normas reguladoras de réxime xeral da seguridade social; non*



*obstante o artigo 67.3 da norma establece que “a xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco (65) anos de idade. ”*

*III.- Asimesmo, a Lei 27/2011, de 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social, fixa a idade ordinaria de xubilación en términos de anos e meses durante un período transitorio que se estende ata o ano 2027, facendo depender dita idade do período de cotización expresado en anos e meses.*

*IV.- O vixente Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo, aprobado en data 28/12/1989 e de aplicación ao persoal funcionario e laboral, contempla a homoxeneidade de réxime xurídico en canto a dereitos e obrigas do persoal municipal funcionario e laboral, establecendo a idade legal de xubilación para ambos colectivos no seu artigo 33 (que debe contextualizarse no marco legal vixente).*

*V.- A competencia para a declaración das situacións administrativas do persoal municipal e xubilación do mesmo reside no Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos do establecido no Acordo da Xunta de Goberno Local de 08/02/2013, de delegación de competencias e estrutura das áreas e servizos (apartado Segundo, b), 4) e con carácter xeral deriva do previsto no artigo 127.1.h) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.*

*V.- Vistos os fundamentos xurídicos que anteceden, motivación e réxime competencial exposto, fórmulase ao órgano competente a seguinte proposta de RESOLUCIÓN:*

*“Primeiro.- Declarar a xubilación obrigatoria do funcionario municipal D. JOSÉ SALVADOR SANMARTÍN GÓMEZ, con nº de persoal 13468, na praza de Oficial, consonte ao informe-proposta que antecede, con data de efectos 06/01/2014.*

*Segundo.- Notifíquese a presente resolución ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral Municipal, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos oportunos, dando conta á Xunta de Goberno Local para coñecemento e efectos.”*

*Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.*

Con data 16.01.14, o concelleiro delegado de Xestión municipal resolve de conformidade co precedente informe.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

## **C) RESOLUCIÓN DE DECLARACIÓN DA XUBILACIÓN OBRIGATORIA DE D. FRANCISCO RODRÍGUEZ TRONCOSO. 24689/220.**

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos do 09.01.13, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

1.- Consultados os datos obrantes no Servizo de Recursos Humanos en relación a D. FRANCISCO RODRÍGUEZ TRONCOSO, con DNI 35.764.243-W, resultan os datos seguintes:

- vínculo xurídico: funcionario de carreira, Corpo da Policía Local
- nº de persoal: 12285.
- data de nacemento: 10/01/1949.
- praza: Policía, subgrupo C1 de titulación.
- posto de traballo: Policía Local, código 134, adscrito ao Corpo da Policía Local (212)
- Incidencias relativas a cotización: grupo de tarifa 05, con 36 anos cotizados.

2.- Verificado polo Negociado de Seguridade Social o cumprimento dos requisitos legalmente establecidos para a xubilación no servizo activo, procede propoñer a declaración da xubilación obrigatoria do efectivo indicado, sendo a data de efectos da mesma o 10/01/2014.

### **FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

I.- A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) establece no seu artigo 67, apartado 1, letra b) que a xubilación dos funcionarios públicos poderá ser "Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida", en concordancia co establecido no art. 160 e seguintes do Real decreto lexislativo 1/1994, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, constituindo o nacemento e a extinción do vínculo de servizo/laboral fixo materia de carácter básico para a totalidade dos empregados/as públicos.

II.- O Real Decreto Lexislativo 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade presupuestaria e de fomento da competitividade, establece no seu art. 11 respecto da xubilación dos funcionarios públicos que con independencia da idade legal de xubilación forzosa establecida na Lei 7/2007, de 13 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, será en todo caso a que prevean as normas reguladoras de réxime xeral da seguridade social; non obstante o artigo 67.3 da norma establece que "a xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco (65) anos de idade. "

III.- O artigo 61 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de Coordinación das Policía Local de Galicia, establece a obriga de declaración de oficioda xubilación legal forzosa dos efectivos do Corpo aos cumprir estes os 65 anos de idade.

IV.- O vixente Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo, aprobado en data 28/12/1989 e de aplicación ao persoal funcionario e laboral, contempla a homoxeneidade de réxime xurídico en canto a dereitos e obrigas do persoal municipal funcionario e laboral, establecendo a idade legal de xubilación para ambos colectivos no seu artigo 33 (que debe contextualizarse no marco legal vixente).

V.- A competencia para a declaración das situacións administrativas do persoal municipal e xubilación do mesmo reside no Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos do establecido no Acordo da Xunta de Goberno Local de 08/02/2013, de delegación de competencias e estrutura das áreas e servizos (apartado Segundo, b), 4) e con carácter xeral deriva do previsto no artigo 127.1.h) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime

Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.

VI.- Vistos os fundamentos xurídicos que anteceden, motivación e réxime competencial exposto, fórmulase ao órgano competente a seguinte proposta de RESOLUCIÓN:

“Primeiro.- Declarar a xubilación obrigatoria do funcionario do Corpo da Policía Local de Vigo D. FRANCISCO RODRÍGUEZ TRONCOSO, con nº de persoal 12285, na praza de Policía, consonte ao informe-proposta que antecede, con data de efectos 10/01/2014.

Segundo.- Notifíquese a presente resolución ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Superintendente Xefe do Corpo, Intervención Xeral Municipal, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos oportunos, dando conta á Xunta de Goberno Local para coñecemento e efectos.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Con data 16.01.14, o concelleiro delegado de Xestión municipal resolve de conformidade co precedente informe.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

### **D) RESOLUCIÓN DE DECLARACIÓN DA XUBILACIÓN OBRIGATORIA DE D. EDUARDO VÁZQUEZ GONZÁLEZ. EXPTE. 24690/220.**

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos do 9.01.13, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

1.- Consultados os datos obrantes no Servizo de Recursos Humanos en relación a D. EDUARDO VÁZQUEZ GONZÁLEZ, con DNI 32.414.026-B, resultan os datos seguintes:

- vínculo xurídico: personal laboral fixo.
- nº de persoal: 22473.
- data de nacemento: 10/01/1949.
- praza: Oficial, subgrupo C2 de titulación.
- posto de traballo: Oficial Mecánico, código 231, adscrito ao Servizo de Parque Móvil (445).
- Incidencias relativas á cotización: grupo de tarifa 08, con 40 anos cotizados.

2.- Verificado polo Negociado de Seguridade Social o cumprimento dos requisitos legalmente establecidos para a xubilación no servizo activo, procede propoñer a declaración da xubilación obrigatoria do efectivo indicado, sendo a data de efectos da mesma o 10/01/2014.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) establece no seu artigo 67, apartado 1, letra b) que a xubilación dos funcionarios públicos poderá ser "Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida", en concordancia co establecido no art. 160 e seguintes do Real decreto lexislativo 1/1994, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, constituindo o nacemento e a extinción do vínculo de servizo/laboral fixo materia de carácter básico para a totalidade dos empregados/as públicos.

II.- O Real Decreto Lexislativo 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade presupuestaria e de fomento da competitividade, establece no seu art. 11 respecto da xubilación dos funcionarios públicos que con independencia da idade legal de xubilación forzosa establecida na Lei 7/2007, de 13 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, será en todo caso a que prevean as normas reguladoras de réxime xeral da seguridade social; non obstante o artigo 67.3 da norma establece que "a xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco (65) anos de idade. "

III.- Asimesmo, a Lei 27/2011, de 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social, fixa a idade ordinaria de xubilación en términos de anos e meses durante un período transitorio que se estende ata o ano 2027, facendo depender dita idade do período de cotización expresado en anos e meses.

IV.- O vixente Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo, aprobado en data 28/12/1989 e de aplicación ao persoal funcionario e laboral, contempla a homoxeneidade de réxime xurídico en canto a dereitos e obrigas do persoal municipal funcionario e laboral, establecendo a idade legal de xubilación para ambos colectivos no seu artigo 33 (que debe contextualizarse no marco legal vixente).

V.- A competencia para a declaración das situacións administrativas do persoal municipal e xubilación do mesmo reside no Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos do establecido no Acordo da Xunta de Goberno Local de 08/02/2013, de delegación de competencias e estrutura das áreas e servizos (apartado Segundo, b), 4) e con carácter xeral deriva do previsto no artigo 127.1.h) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.

V.- Vistos os fundamentos xurídicos que anteceden, motivación e réxime competencial exposto, fórmase ao órgano competente a seguinte proposta de RESOLUCIÓN:

"Primeiro.- Declarar a xubilación obrigatoria do empregado municipal D. EDUARDO VÁZQUEZ GONZÁLEZ, con nº de persoal 22473, na praza de Oficial, consonte ao informe-proposta que antecede, con data de efectos 10/01/2014.

Segundo.- Notifíquese a presente resolución ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral Municipal, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos oportunos, dando conta á Xunta de Goberno Local para coñecemento e efectos."

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Con data 16.01.14, o concelleiro delegado de Xestión municipal resolve de conformidade co precedente informe.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

### **E) RESOLUCIÓN DE DECLARACIÓN DA XUBILACIÓN OBRIGATORIA DE D. OSCAR S. ALONSO FERRAGUD. EXPTE. 24691/220.**

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos do 9.01.13, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

1.- Consultados os datos obrantes no Servizo de Recursos Humanos en relación a D. OSCAR S. ALONSO FERRAGUD, con DNI 35.973.972-V, resultan os datos seguintes:

- *vínculo xurídico: funcionario de carreira.*
- *nº de persoal: 16691.*
- *data de nacemento: 23/01/1949.*
- *praza: Enxeñeiro Técnico Industrial, subgrupo A2 de titulación.*
- *posto de traballo: Xefe do Parque Móvil e da Xerencia do Parque Central de Servizos, código 28, adscrito ao Servizo de Parque Móvil (445).*
- *Incidencias relativas á cotización: grupo de tarifa 02, con 39 anos cotizados.*

2.- Verificado polo Negociado de Seguridade Social o cumprimento dos requisitos legalmente establecidos para a xubilación no servizo activo, procede propoñer a declaración da xubilación obrigatoria do efectivo indicado, sendo a data de efectos da mesma o 23/01/2014.

#### **FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

I.-A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) establece no seu artigo 67, apartado 1, letra b) que a xubilación dos funcionarios públicos poderá ser "Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida", en concordancia co establecido no art. 160 e seguintes do Real decreto legislativo 1/1994, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, constituindo o nacemento e a extinción do vínculo de servizo/laboral fixo materia de carácter básico para a totalidade dos empregados/as públicos.

II.- O Real Decreto Legislativo 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade presupuestaria e de fomento da competitividade, establece no seu art. 11 respecto da xubilación dos funcionarios públicos que con independencia da idade legal de xubilación forzosa establecida na Lei 7/2007, de 13 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, será en todo caso a que prevean as normas reguladoras de réxime xeral da seguridade social; non obstante o artigo 67.3 da norma establece que "a xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco (65) anos de idade. "

III.- Asimesmo, a Lei 27/2011, de 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social, fixa a idade ordinaria de xubilación en termos de anos e meses durante un período transitorio que se estende ata o ano 2027, facendo depender dita idade do período de cotización expresado en anos e meses.

IV.- O vixente Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo, aprobado en data 28/12/1989 e de aplicación ao persoal

funcionario e laboral, contempla a homoxeneidade de réxime xurídico en canto a dereitos e obrigas do persoal municipal funcionario e laboral, establecendo a idade legal de xubilación para ambos colectivos no seu artigo 33 (que debe contextualizarse no marco legal vixente).

V.- A competencia para a declaración das situacións administrativas do persoal municipal e xubilación do mesmo reside no Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos do establecido no Acordo da Xunta de Goberno Local de 08/02/2013, de delegación de competencias e estrutura das áreas e servizos (apartado Segundo, b), 4) e con carácter xeral deriva do previsto no artigo 127.1.h) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.

V.- Vistos os fundamentos xurídicos que anteceden, motivación e réxime competencial exposto, fórmase ao órgano competente a seguinte proposta de RESOLUCIÓN:

“Primeiro.- Declarar a xubilación obrigatoria do funcionario municipal D. OSCAR S. ALONSO FERRAGUD, con nº de persoal 16691, na praza de Enxeñeiro Técnico Industrial, consonte ao informe-proposta que antecede, con data de efectos 23/01/2014.

Segundo.- Notifíquese a presente resolución ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral Municipal, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos oportunos, dando conta á Xunta de Goberno Local para coñecemento e efectos.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Con data 16.01.14, o concelleiro delegado de Xestión municipal resolve de conformidade co precedente informe.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

#### **10(42).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Mª Jesús Lago Rey.